

Entrevista Cesáreo Pardal, presidente do Clúster de Turismo de Galicia

## “Coa pandemia a xente deuse conta de que hai que vivir, que hai que coñecer”

**No frontispicio da temporada turística alta pulsamos o momento co presidente do Clúster Turístico de Galicia Cesáreo Pardal.**

**Cal é a situación actual do turismo galego?**

É boa. Pechamos o primeiro trimestre cun incremento do 22% no número de pernoctacións despois dun ano francamente bo e as perspectivas para este ano son moi boas tamén. As reservas están a aumentar e está a funcionar moi ben a tempada estival.

**Tendemos a facer repastos ou previsións cuantitativas. Esquecemos a importancia do cualitativo?**

As cifras lle gustan moito aos xornalistas. Eu sempre digo que prefiro ter 3 millóns de turistas que gastaran o que gastan os 6,5. Sempre apostamos pola calidade, de feito levamos anos implantando o distintivo de calidade nos nosos establecementos. Somos unha das comunidades que máis distintivos de calidade ten, unha das que máis bandeiras azuis ten. Para ofrecer calidade temos que ter formación, para ter formación hai que ter xente que traballe e para iso temos que ter os establecementos abertos todo o ano. Necesitamos xente. Para que chegue a xente ten que haber unha coordinación aeroportuaria. Necesitamos máis conexións de AVE. Á calidade chégase unha vez que se teña todo iso. Non quere dicir que non teñamos calidade, temos calidade a un prezo moi baixo.

**Que balance fai dos 10 anos que cumpre o Clúster?**

Ninguén apostaba por nós e se demostrou que se poden facer as cousas doutra forma. O primeiro é a unidade do sector, demostramos que podemos estar unidos, representamos ao 95% do sector turístico, a máis de 7.000 empresas a través de 74 asociacións. Por outra parte está a transparencia. Todas as contas do Clúster están auditadas, non se lle deben cartos a ninguén, non temos persoal, non temos local. É un modelo a seguir para outras comunidades para que o turismo realmente vaia ben. A



colaboración público-privada quedou demostrada, podese traballar coas administracións dunha forma distinta grazas a esforzo non remunerado por parte de todo o tecido asociativo. O Clúster traballa en beneficio de todo o sector turístico galego, na a pandemia quedou demostrado que era un interlocutor válido coas administracións para xestionar as axudas que

salvaron centos de postos de traballo.

**Precisamente, falando da pandemia, o sector foi un dos máis prexudicados. Pero a súa recuperación é digna de estudo...**

Coa pandemia a xente deuse de conta de que hai que vivir, coñecer. Aínda habendo unha inflación tremenda estamos a obter as mellores cifras na

última década en número de viaxeiros. A xente quere viaxar e ter experiencias.

**É membro fundador do Clúster e leva algo máis de catro anos na presidencia. Cales son os retos?**

O principal reto é seguir desestacionalizando. O segundo é intentar mellorar o gran problema que temos, que é o da man de obra. Despois sería a formación, seguir apostando pola calidade, e sobre todo apostar pola sustentabilidade. Aí, grazas a un convenio que firmamos hai dous anos coa Xunta, temos o plan *Galicia destino sostible* no que máis de 74 empresas teñen 150 produtos sostibles colgados nunha web, porque a xente está cada vez máis preocupada polo medio ambiente e esixe máis coñecemento daquelas empresas que poñen en valor a sustentabilidade.

**Como está a funcionar o Club Produto Galicia Destino Sostible?**

Moi ben. Hai incorporacións de máis empresas e se manteñen as que están. O que queremos é que isto vaia a máis. Agora hai 76. A xente ten que coñecer que se fai un turismo responsable, sostible, que se empregan materiais que non repercuten na pegada do ozono, en definitiva son paquetes acordes coa natureza. Non se dana o medio ambiente e se contribúe a manter territorio. Cando pensamos en sustentabilidade pensamos en masificacións. Non podemos permitir aglomeracións de xente en determinados espazos.

**Non está o turismo galego demasiado centrado no Camiño de Santiago?**

Galicia non só é o Camiño de Santiago. A única forma de medir os peregrinos é a Compostela, e esta cifra hai que multiplicar por un 30%. Si que é certo que o Camiño é o gran escaparate pero a maiores Galicia é turismo rural, gastronómico, de sendeirismo, de paisaxe, cultural. Temos que coidalo pero eu estou preocupado porque nos carguemos a galiña de ovos de ouro porque hai algún Camiño que en determinados días e horas ten un número moi grande de peregrinos. O teito do Camiño está no número de camas que hai en cada localidade, non podemos meter 4.000 peregrinos nun camino cando nunhas localidades hai 2.000 prazas para pernoctar. Os concellos non deben dar camas en pavillóns a peregrinos. O que hai que dicir é que se faga outras datas, que hai establecementos públicos que pagan os seus impostos, xeran postos de traballo e por culpa desta medida por parte dos concellos non teñen xente. Como non coidemos o Camiño pode revertir, igual negativamente, dentro de 10 anos. Temos que ser precavidos para que isto non suceda.

